



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesidad de modernización y sobre las deficiencias del parque móvil de la línea de ancho métrico Ferrol-Ribadeo.**

La modernización y actualización de las infraestructuras de la línea de ancho métrico Ferrol-Ribadeo, junto con el refuerzo de sus servicios ferroviarios, es una mejora ampliamente demandada tanto desde el punto de vista social y político como por todos los agentes económicos. Sin embargo, el Ministerio de Transporte sigue sin realizar las inversiones necesarias para solucionar la actual situación de abandono.

La mejora de esta línea y sus conexiones y frecuencias sería de gran utilidad para conseguir una movilidad sostenible en las comarcas de Ferrol y Mariña. En estas comarcas, la única conexión ferroviaria es la del antiguo FEVE, pero se trata de una infraestructura obsoleta, con material rodante insuficiente y envejecido, además de falta de personal. Asimismo, la línea cuenta con muy pocas frecuencias y unos horarios que no se adaptan en absoluto a las necesidades de la población de esta área, a lo que se suma la falta de fiabilidad en la prestación del servicio, con continuos retrasos por averías o bloqueos en las vías, que desincentivan su uso.

Una de las acciones esenciales para lograr la modernización y mejora de la oferta del servicio ferroviario es la electrificación de la línea. Además, es urgente la renovación de la flota móvil, porque la actual, además de insuficiente, está completamente obsoleta y envejecida y arrastra una falta total de mantenimiento, una de las principales causas de averías e incidencias que provocan retrasos y suspensiones de los servicios.

De hecho, los talleres de reparación de Ferrol no disponen de los recursos necesarios y las unidades averiadas quedan fuera de servicio durante meses por falta de materiales y recambios. Así, en los meses de enero y febrero de este año se registraron cerca de 200 cancelaciones en esta conexión ferroviaria por las averías y la falta de unidades para prestar servicio. Sin embargo, la prometida incorporación de nuevo material rodante lleva años



retrasándose e incumpléndose, siendo esta una de las causas de la escasa calidad de los servicios.

En la antigua línea de FEVE entre Ferrol y Ribadeo, Adif únicamente realizó tareas de automatización de los sistemas de regulación del tráfico entre Ferrol y Ortigueira. Actuaciones importantes y necesarias sin duda, pero queda pendiente la electrificación de la línea como se está llevando a cabo en otros puntos del Estado, como es el caso, por ejemplo, de la conexión Benidorm-Calpe.

Aprovechando la finalización de la electrificación de la línea de Alicante, la plataforma de Defensa del Ferrocarril Ferrol-Ribadeo destaca que se pondrán a la venta seis unidades de la serie 2500, que son las mismas que de la serie 2600 que circulan en León y Asturias. Se considera que podría ser una solución a la falta de material rodante en la línea Ferrol-Ribadeo.

También cabe destacar que el Ministerio utiliza, de forma habitual, los supuestos escasos porcentajes de ocupación en esta línea. No obstante cabe recordar que estas cifras carecen completamente de fiabilidad, puesto que no existe un control sobre el número de viajeros debido a la falta de personal para comercializar billetes y de revisores. Así, se puede comprobar que diariamente se realizan muchos más viajes de los que se contabilizan oficialmente. Además, la demanda está directamente relacionada con la oferta y calidad del servicio, por lo que es evidente que un servicio deficiente, poco fiable y con numerosas carencias nunca podrá ser una alternativa real al vehículo privado y que incentive a las personas a cambiar sus hábitos de transporte diario.

Estamos seguros de que la modernización de esta línea, junto con la mejora en la oferta de frecuencias y conexiones, permitiría a más personas utilizar el tren para su movilidad diaria, un transporte colectivo y sostenible en línea con los objetivos de lucha contra el cambio climático. Esta línea atraviesa zonas densamente pobladas y podría recuperar la función que antaño tenía como tren de cercanías.

Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las previsiones del Gobierno respecto a las actuaciones para la electrificación de la línea de ancho métrico Ferrol-Ribadeo?




2. ¿Cuál es su disposición a reforzar y aumentar el material rodante que presta servicio en la línea ferroviaria de ancho métrico entre Ferrol y Ribadeo, claramente deficitaria y obsoleta?
3. ¿Contempla la posibilidad de utilizar las unidades de la serie 2500 que tiene previsto poner a la venta una vez finalizada la electrificación de la línea Benidorm-Calpe para cubrir las deficiencias de maquinaria de la línea Ferrol-Ribadeo? ¿Cree que esta es una posibilidad intermedia a considerar mientras no se concreta la adquisición de nuevas unidades, como se viene prometiendo desde hace años?
4. ¿Es consciente de la enorme carencia de parque móvil que padece esta conexión y que es causa de las numerosas cancelaciones y retrasos que se producen? ¿Sabe que entre enero y febrero se produjeron 200 cancelaciones de servicio por averías en el material rodante?
5. ¿No cree que es una situación insostenible y que se debe solucionar?
6. ¿Va a dotar a los talleres de reparación de Renfe en Ferrol de los medios, personales y materiales adecuados para poder realizar las reparaciones de las unidades en tiempo y forma?
7. ¿Tiene previsto tomar medidas para incrementar el personal que presta servicios en la línea ferroviaria entre Ferrol y Ribadeo?
8. ¿Qué actuaciones tiene previsto llevar a cabo el Ministerio en la conexión de ancho métrico Ferrol-Ribadeo para hacerla competitiva, eficiente y útil para la movilidad diaria de los gallegos, particularmente en las comarcas de Ferrol y A Mariña, zonas densamente pobladas y con gran potencial económico?

Madrid, 11 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



Necesidade de modernización e mellora do material rodante na liña de ancho métrico Ferrol-Ribadeo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de modernización e sobre as deficiencias do parque móbil da liña de ancho métrico Ferrol-Ribadeo.**

A modernización e actualización da infraestrutura da liña de ancho métrico Ferrol-Ribadeo, xunto ao reforzo dos seus servizos ferroviarios, é unha mellora amplamente demandada tanto do punto de vista social, como político e polo conxunto dos axentes económicos. Porén, desde o Ministerio de Transportes seguen se realizarse os investimentos necesarios que permitan dar solución á actual situación de abandono.

A mellora desta liña e as súas conexións e frecuencias serían de grande utilidade para lograr unha mobilidade sustentábel nas comarcas de Ferrol e a Mariña. Nestas comarcas a única conexión ferroviaria é a do antigo FEVE, mais trátase dunha vía infraestrutura obsoleta, cun parque móbil insuficiente e envellecido, así como de falta de persoal. Ademais, a liña conta con moi poucas frecuencias e con horarios nada adaptados ás necesidades da poboación desta área, en que, se suma a falta de fiabilidade na prestación do servizo, con continuos retrasos por avarías ou atrancos nas vías, que disuaden do seu uso.

Unha das actuacións imprescindíbeis para lograr a modernización e mellora da oferta de servizos ferroviarios é a electrificación da liña. Ademais, é urxente a renovación do parque móbil, pois o actual ademais de insuficiente, está completamente obsoleto e envellecido, ademais de arrastrar unha total falta de mantemento, unha das principais causas das avarías e incidencias que levan



aos retrasos e suspensión dos servizos. De feito, os talleres de reparacións en Ferrol non contan cos medios necesarios e as unidades avariadas fican durante meses aparcadas fóra de servizo por falta de material e recambios. Así, nos meses de xaneiro e febreiro deste ano, contabilizáronse preto de 200 cancelacións nesta conexión ferroviaria debido a avarías e falta de unidades para dar servizo. Porén, a prometida incorporación de novo material rodante leva anos de demora e incumprimentos, sendo esta unha das causas da baixa calidade dos servizos.

Na liña do antigo FEVE entre Ferrol e Ribadeo, Adif unicamente levou a cabo obras de automatización dos sistemas de regulación do tráfico entre Ferrol e Ortigueira. Actuacións importantes e necesarias sen lugar a dúbidas, mais fica pendente a electrificación da liña como se está a facer noutras partes do Estado como é o caso, por exemplo, da conexión Benidorm-Calpe.

Aproveitando a finalización da electrificación da liña alacantina, desde a plataforma de Defensa do Ferrocarril Ferrol-Ribadeo salientan que se porán á venda seis unidades da serie 2500, que son as mesmas que as da serie 2600 que operan en León e Asturias. Consideran que podería ser unha vía de solución á falta de material rodante existente na liña Ferrol-Ribadeo.

Cabe destacar tamén que o Ministerio utiliza, de forma habitual, as supostas baixas porcentaxes de ocupación nesta liña. Mais deber lembrarse que estas cifras carecen completamente de fiabilidade, pois non existe un control do número de viaxeiros pola falta de persoal para a venda de billetes nin de revisores. Así, pódese comprobar que, no día a día, prodúcense moitos máis desprazamentos dos que se computan oficialmente. Ademais, a demanda está directamente relacionada coa oferta e a calidade do servizo, por tanto, resulta evidente que un servizo deficiente, pouco fiábel e con numerosas carencias nunca pode ser unha alternativa real ao vehículo particular e que incentive ás persoas cambiar os seus hábitos de transporte diarios.

Estamos certos de que a modernización desta liña, xunto coa mellora na oferta de frecuencias e conexións permitiría que máis persoas utilicen o tren para a



súa mobilidade diaria, un transporte colectivo e sustentábel en liña cos obxectivos de loita contra o cambio climático. Esta liña atravesas áreas densamente poboadas e podería recuperarse a función que cumpriu no seu momento como tren de proximidade ou cercanías.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Cales son as previsións do Goberno en relación ás actuacións para a electrificación da liña de ancho métrico Ferrol-Ribadeo?
2. Que disposición ten a reforzar e incrementar o material rodante que presta servizo na liña ferroviaria de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo, claramente deficitario e obsoleto?
3. Contempla a posibilidade de destinar as unidades da serie 2500 que ten previsto por á venda unha vez finalizada a electrificación da liña Benidorm-Calpe para cubrir as deficiencias de maquinaria na liña Ferrol-Ribadeo? Cre que se trata dunha posibilidade intermedia a considerar mentres non se proceda á adquisición de novas unidades, como se ten comprometido desde hai anos?
4. É consciente da enorme carencia de parque móbil que padece esta conexión e que é a causa das numerosas cancelacións e demoras que se producen? Sabe que entre xaneiro e febreiro se produciron 200 cancelacións de servizos debido ás avarías do material rodante?
5. Non cre que se trata dunha situación insostíbel á que se lle debe poñer solución?
6. Vai dotar aos talleres de reparacións de Renfe en Ferrol dos medios, persoal e material adecuado para poder facer as reparacións das unidades en tempo e forma?



7. Ten previsto acometer medidas para o incremento do persoal que presta os seus servizos na liña ferroviaria entre Ferrol e Ribadeo?
8. Que actuacións prevé o Ministerio desenvolver na conexión de ancho métrico Ferrol-Ribadeo para facela competitiva, eficiente e útil para a mobilidade diaria, dos galegos e galegas, especialmente nas comarcas de Ferrol e A Mariña, zonas densamente poboadas e de grande potencial económico?

Madrid, a 11 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso